

# **SUXESTIÓNS AO ANTEPROXECTO DE LEI DO CLIMA DE GALICIA**

XULLO 2023

**OBSERVATORIO GALEGO DA ACCIÓN CLIMÁTICA  
(OGACLI)**

A presentación a consulta pública do anteproxecto de Lei do Clima de Galicia é unha boa noticia, pois trátase dun paso máis no camiño de dotar por fin ao noso país dunha lei climática propia que contribúa a reforzar a loita contra a crise climática, para a cal é crucial o que se faga (e deixe de facer) no que resta da presente década.

Lamentablemente, o texto do anteproxecto feito público para a presentación de suxestións (<https://ficheiros-web.xunta.gal/transparencia/normativa-tramitacion/cmatv/CMATV-lei-clima-galicia-gal.pdf>) ten un contido escaso e falto de concreción, no que se renuncia a formular obxectivos cuantificados. É significativo que o 40% do texto presentado se dedique a unha prolxa exposición de motivos, reservando o 60% restante a desenvolver un articulado con notábeis lagoas.

Na súa versión actual a Lei do Clima apenas reforzaría a hoxe feble política climática autonómica, para o que sería necesario unha lei moito máis completa e ambiciosa. O único obxectivo climático definido non é outro que atrasar a neutralidade climática ao horizonte 2050, cando parece factíbel lograla en 2040 ou incluso antes. Este obxectivo a longo prazo é o único recollido no anteproxecto, que non se compromete con obxectivos de redución sectoriais e a máis curto prazo.

Son certamente poucas as novidades de certo relevo que achegaría a proposta de Lei do Clima de Galicia: o establecemento dos orzamentos de carbono para períodos de cinco anos, a introdución da perspectiva climática na elaboración dos orzamentos e plans públicos, a creación dun Consello Galego do Clima como órgano de carácter consultivo ou un certo impulso á contratación pública verde e á descarbonización do sector público.

Pola contra, son moitas e importantes as carencias en relación a cuestións como a definición de obxectivos enerxéticos e de redución de emisións, a determinación de medidas sectoriais para a mitigación e adaptación ao cambio climático, a fiscalidade verde, a transición xusta, a educación ambiental, a participación cidadá ou o fortalecemento da capacidade de xestión da Xunta en materia climática. Tamén é destacábel que se desaproveite a Lei do Clima para acelerar e democratizar a transición enerxética.

Durante o proceso de consulta pública previa da Lei do Clima, en marzo de 2022, o Observatorio Galego da Acción Climática (OGACLI) presentou diversas suxestións, das cales só a proposta de establecer orzamentos de carbono foi incorporada ao anteproxecto (<https://ogacli.org/2022/03/25/por-unha-lei-do-clima-de-galicia-ambiciosa/>).

No presente documento reiteramos as suxestións presentadas na consulta previa e presentamos outras novas que se expoñen a continuación.

ARTIGO	SUXESTIÓN
Exposición de motivos IV	<p>A afirmación de que a Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050 non inclúe obxectivos intermedios de redución a 2030 é incorrecta. Na táboa 2 da Estratexia (páxina 24) formúlase o obxectivo de redución de -24,6%, referido a emisións brutas, obxectivo modesto que xa foi superado en 2019 (-25,5%), no mesmo ano da aprobación da Estratexia, debido á caída na produción eléctrica con carbón.</p> <p>Afírmase que “os datos da avaliación do primeiro ano de aplicación do Plan Rexional (Integrado de Enerxía e Clima) amosan que Galicia xa está a cumprir os obxectivos marcados pola UE”, o que obviamente é falso se se refire aos obxectivos para 2030. Ademais, suponse que existirán avaliacións anuais máis recentes, pois o Plan cubre o período 2019-2023, polo que estraña a referencia só á avaliación do primeiro ano de aplicación.</p> <p>Afírmase que “o esforzo de redución das emisións está a converxer coa media da UE en maior medida que o conxunto de España” mais non se menciona que as emisións por habitante de Galicia (7,1 toneladas de CO<sub>2</sub>eq en 2021) son superiores á media española (6,1).</p> <p><b>Na referencia á evolución das emisións brutas de gases de efecto invernadoiro en 1990-2021 debería aclararse que a redución do 34% en 2021 con respecto a 1990 foi debida de forma case exclusiva ao sector enerxético (-9.556.910 toneladas de CO<sub>2</sub>eq, -81,3%), sendo determinante para iso a instalación de parques eólicos a partir de finais da década de 1990 e o descenso da xeración eléctrica con carbón posibilitado precisamente polos parques eólicos, aínda que á custa de impactos sobre a biodiversidade e a paisaxe que se poderían ter minimizado en moita maior medida.</b></p> <p>Neste sentido, <b>a Lei do Clima debería ter moi en conta o carácter estratéxico para a redución drástica das emisións en Galicia que ten o sector eólico</b>, pois cómpre un forte crecemento adicional da potencia eólica durante os próximos anos que, a día de hoxe, non parece nada seguro que se vaia materializar, malia o aluvión de proxectos presentados para a súa tramitación nos últimos anos. Para contribuír a que iso non aconteza, <b>a Lei do Clima podería axudar a corrixir as importantes eivas sociais e</b></p>

	<p><b>ambientais existentes na política galega (e española) de impulso á enerxía eólica.</b> Carencias que están a favorecer e a xustificar en parte a acción de colectivos “antimacroeólicos”, que constitúen xa un obstáculo nada menor á acción climática en Galicia.</p> <p>Da mesma forma que se fai para a capacidade de absorción deberíase recoller a evolución das emisións en 2021 con respecto a 2020 e non só a 1990. É destacábel que en 2021 aumentaron o 3,3% en comparación con 2020.</p>
<p>TÍTULO PRELIMINAR</p>	
<p>Artigo Obxecto</p>	<p>1. Modificar o apartado a) para <b>adiantar polo menos 10 anos o obxectivo da neutralidade climática, procurando acadala no ano 2040, a máis tardar, e non no 2050.</b> Trátase dun obxectivo factíbel e aliñado coa xustiza climática que debería ser asumido non só por Galicia senón tamén polo Estado español e a UE mais que Galicia está en mellores condicións para atinxir, incluso con anos de adianto.</p>
<p>Artigo Finalidades</p>	<p>2. No apartado a) <b>non se establecen obxectivos cuantificados de redución das emisións de gases de invernadoiro</b>, en contraste con outras leis climáticas autonómicas como, por exemplo, a Lei 6/2022 do cambio climático e a transición ecolóxica da Comunidade Valenciana (artigo 16.1). A lei debería <b>estabelecer un obxectivo de redución das emisións brutas de polo menos o 65% para 2030 e do 95% para 2040.</b></p> <p><b>A concepción da transición xusta recollida no apartado b) non ten en conta as súas dimensións global e interxeracional.</b> A transición ecolóxica tamén debe contribuír a restituír a débeda ecolóxica contraída co Sur global e a proporcionar un futuro digno ás xeracións futuras.</p> <p>Proponse cambiar a redacción do apartado c) pola seguinte: <b>Garantir a transición cara a un sistema enerxético 100% renovábel, eficiente, descentralizado, democrático e co mínimo impacto negativo posíbel sobre a biodiversidade e a paisaxe.</b></p> <p>Incluír tres novas finalidades:</p> <p><b>-Impulsar a participación cidadá na elaboración e avaliación das políticas climáticas.</b></p>

		<p><b>-Promover o incremento da iniciativa pública e cidadá na produción e a comercialización da enerxía.</b></p> <p><b>-Contribuír á mitigación e adaptación ao cambio climático dos países empobrecidos.</b></p>
Artigo Principios	3.	<p><b>Incluír como tal o principio de xustiza climática.</b> Na redacción actual consideramos que só está parcialmente incluído.</p>
Artigo Definicións	4.	<p>Na definición de Comercio de Dereitos de Emisións debe considerarse que se aplica principalmente a emisións de dióxido de carbono mais tamén a emisións doutros gases de efecto invernadoiro.</p> <p>A definición de Gases de Efecto Invernadoiro está mal redactada e non semella a máis acaída a unha lei. Proponse mudala por: “os gases regulados pola Convención marco das Nacións Unidas sobre cambio climático”.</p> <p>A definición de Neutralidade Climática non parece correcta pois entendemos que confunde emisións brutas (sen “usos do solo, cambios do uso do solo e silvicultura”, sector no que teñen lugar as absorcións de CO<sub>2</sub>) con emisións netas (con “usos do solo, cambios do uso do solo e silvicultura”). A neutralidade climática implica emisións netas cero ou, mellor aínda, negativas.</p> <p>Proponse mudar a definición de Pegada de Carbono, aplicada no texto só a organizacións, por estoutra: “Total das emisións de gases de efecto invernadoiro asociadas a países, organizacións, eventos ou actividades ou ao ciclo de vida dun produto ou servizo”.</p> <p>Proponse <b>incluír a definición de Xustiza Climática.</b> Suxírese a seguinte: Enfoque da transición ecolóxica que considera e aborda as desigualdades nas emisións de gases de efecto invernadoiro e na asunción das consecuencias negativas da crise climática existentes hoxe entre as persoas, segundo o territorio no que vivan, o xénero ou a clase social”.</p>
Artigo 5. Da ambición da neutralidade climática	Da da	<p>En relación co apartado 1 deste artigo reiteramos <b>que se adiante o logro da neutralidade climática a 2040, a máis tardar.</b></p> <p>Non parece ter sentido a redacción do apartado 2, se é que se refire á definición de obxectivos en materia de enerxías renovábeis , pois a Xunta xa formulou obxectivos propios, como é lóxico. Os obxectivos de Galicia teñen que estar</p>

	aliñados cos establecidos para o conxunto de España e da UE mais non teñen porque coincidir con eles. De feito, é desexábel que os superen, dado o enorme atraso na transición enerxética de moitos territorios españois e europeos.
Artigo 6. Da política climática	<b>A política climática de Galicia</b> , como país desenvolvido que se ten apropiado, en maior medida do que lle correspondería por poboación, tanto de recursos enerxéticos fósiles como da capacidade de sumidoiro global, <b>impacta non só na vida da cidadanía de Galicia senón tamén da mundial, o que debería ser tido en conta na redacción do apartado 2 deste artigo.</b>
<b>TÍTULO II. POLÍTICAS DE MITIGACIÓN E ADAPTACIÓN</b>	
	<p>Aínda que se trata dunha crítica extensíbel a outros títulos deste anteproxecto de lei, o contido do Título II, que debería ser a cerna da lei, resulta moi pobre. <b>Bótase en falta articulado que oriente a elaboración de instrumentos de planificación contemplados na lei, definindo medidas para a redución das emisións e a adaptación á crise climática por sectores</b> (agricultura e gandería, biodiversidade, enerxía, infraestruturas, mobilidade, urbanismo e vivenda, turismo, axuda aos países empobrecidos, etc). Tan só hai algún contido neste sentido, moi escaso, nos artigos relativos á introdución da perspectiva climática na planificación da mobilidade e do urbanismo, no Título V.</p> <p>Considerando que o 71,1% das emisións territoriais de gases de efecto invernadoiro en Galicia proceden da transformación e do consumo final de enerxía fósil (2021), é moi importante que a Lei do Clima de Galicia fixe <b>obxectivos de redución do consumo enerxético e de desenvolvemento das enerxías renovábeis</b>. Estes deberían superar os contemplados na Axenda enerxética de Galicia 2030 da Xunta<sup>1</sup>. <b>Os obxectivos enerxéticos principais para 2030 deberían ser unha redución do consumo galego de enerxía primaria do 40%, unha cota do 70% de renovábeis no consumo de enerxía final e unha produción eléctrica 100% renovábel</b>, concretando un plan de ruta para o cesamento da actividade das</p>

<sup>1</sup> A avaliación do OGACLI sobre a Axenda enerxética de Galicia 2030 da Xunta pode consultarse en <https://ogacli.files.wordpress.com/2023/02/axenda-enerxetica-de-galicia-2030-unha-folla-de-ruta-incompleta-cara-a-unha-galicia-gris-1.pdf>.

centrais de gas fósil de Sabón e As Pontes, que están a cubrir boa parte do oco deixado polo carbón nos últimos anos, ante o escaso avance das enerxías renovábeis.

**De especial relevancia sería que a lei concretase medidas que contribuísen a un despregue rápido, masivo, socialmente xusto e ambientalmente responsábel das enerxías renovábeis**, dada a enorme importancia que isto ten para lograr unha redución das emisións aliñada co Acordo de París. **Os datos sobre o crecemento da potencia renovábel en Galicia nos últimos anos son moi pouco satisfactorios**, particularmente no que respecta ás renovábeis eléctricas, que só incrementaron a potencia instalada en 813 MW (+11%) en 2013-2022, unha cifra moi inferior aos 6.207 MW novos que cumpriría instalar en 2023-2030 só para cumprir os obxectivos da Axenda enerxética de Galicia da propia Xunta. Ao mesmo tempo, estase a rexistrar unha importante conflitividade social en relación con novos proxectos de parques eólicos terrestres e mariños e de centrais hidroeléctricas reversíbeis (estratéxicas para almacenar electricidade renovábel) que non está a ser abordada debidamente polos poderes públicos.

A Lei do Clima de Galicia podería ser un ámbito apropiado para impulsar un conxunto de liñas de traballo e medidas orientadas a acelerar e democratizar a transición enerxética como, por exemplo, as seguintes:

**-Promoción das comunidades enerxéticas de autoconsumo de enerxía renovábel.**

**-Obriga de incorporar enerxía solar fotovoltaica en grandes parques de estacionamento e cubertas, no marco dun plan de fomento do autoconsumo con obxectivos por comarcas.**

**-A creación dunha empresa pública galega para a produción de enerxía renovábel.**

**-A ampliación das zonas de exclusión de parques eólicos e fotovoltaicos máis alá da Rede Natura 2000, paralelamente á definición de zonas de desenvolvemento prioritario nas que se facilite a súa instalación.**

**-A obriga de posibilitar a participación da cidadanía nun mínimo do 20% do capital dos proxectos de**

	<p><b>enerxía renovábel de potencia superior a 10 MW,</b> priorizando a poboación que vive na súa contorna.</p> <p><b>-O establecemento dunha Mesa de Diálogo Social das Enerxías Renovábeis,</b> con participación das plataformas de persoas afectadas pola súa expansión.</p> <p><b>-A fixación dun obxectivo de limitación das exportacións de electricidade e de hidróxeno verde,</b> para reforzar o destino prioritario destes vectores enerxéticos á descarbonización en Galicia (mesmo que non poida ser un obxectivo legalmente vinculante, tería valor político e orientaría a planificación enerxética galega).</p>
<p>Artigo 10. Obxectivos das políticas de mitigación</p>	<p>Cambiar a redacción do apartado 3 por esta: “Os devanditos obxectivos teñen que ser congruentes co <b>escenario de neutralidade climática previsto para 2040</b>”.</p>
<p>Artigo 11. Liñas estratéxicas de mitigación</p>	<p><b>A formulación destas liñas estratéxicas é moi vaga e non semella aliñada coa finalidade de reducir drasticamente as emisións recollida no anteproxecto.</b> Por exemplo, nunha área tan relevante como o transporte, que actualmente lidera as emisións, sendo a causa do 26,2% (mesmo sen incluír o transporte marítimo e aéreo internacional), propón “aumentar as alternativas dispoñibles a favor dunha mobilidade sostíbel”, algo insuficiente para acadala se esa acción non vai acompañada da restrición das alternativas non sostíbeis.</p> <p>Entre as liñas estratéxicas dunha política de redución de emisións sustentábel e xusta deberían figurar <b>o decrecemento do consumo de enerxía e materiais; o desenvolvemento responsable das enerxías renovábeis,</b> nomeadamente da eólica, a solar, as bombas de calor e o hidróxeno verde; <b>a maior electrificación directa posíbel do consumo de enerxía final</b> apoiada en electricidade 100% renovábel; <b>o impulso da economía circular-espiral; a redución da mobilidade motorizada e a potenciación do transporte colectivo (agás o avión) en detrimento do privado e do tren en detrimento da estrada; a rehabilitación enerxética das edificacións; a conversión ecolóxica da produción agraria, gandeira e pesqueira,</b> sendo de especial importancia a redución da cabana de gando vacún; ou a <b>promoción dunha alimentación saudábel baixa en proteínas animais e baseada en produtos de proximidade.</b></p>



	<p>Canto ás medidas propostas para aumentar a absorción de dióxido de carbono, a de cuantificar as emisións/absorcións asociadas ao uso do solo parece obvia e superflua, na medida en que xa existen datos procedentes da desagregación por comunidades autónomas do inventario español de emisións, a menos que estes datos se consideren pouco fiábeis. Neste eido, cómpre destacar que unha posíbel mellora da capacidade de absorción nas terras forestais pode ser ambientalmente problemática. <b>As terras forestais achegan a práctica totalidade da capacidade de absorción de CO<sub>2</sub> dispoñíbel en Galicia, debida en boa medida ás plantacións de eucalipto. A mellora da capacidade de absorción non debería apoiarse nun aumento da produción de madeira de eucalipto baseada nunha intensificación insostíbel e/ou na ampliación das superficies destinadas a esa finalidade,</b> pois iso tería un impacto negativo importante sobre a diversidade biolóxica e os servizos ecosistémicos. E, dado que resulta ecoloxicamente necesario reducir sensibelmente a superficie actual ocupada por eucaliptais, por exemplo, eliminando a súa presenza en zonas de alto valor ecolóxico, ribeiras de ríos ou áreas moi proclives aos incendios, unha xestión forestal realmente sustentábel podería mesmo levar a unha redución significativa da capacidade de absorción, o que non debería considerarse negativo nestas circunstancias.</p>
Novo capítulo	<p><b>O anteproxecto ignora a fiscalidade verde,</b> unha importante ferramenta da política climática da que non se debería prescindir, por moito que a súa aplicación poida ser problemática e complexa. Lamentabelmente, A Lei estatal 7/2021 de Cambio Climático e Transición Enerxética, tampouco inclúe ningunha medida neste campo, limitándose a recoller unha disposición adicional pola que se crea un grupo de persoas expertas sobre o tema. Algo que nin sequera fai a proposta de lei galega, aínda que tamén en Galicia contamos con persoas expertas nesta materia nas nosas universidades.</p> <p><b>Debería incluírse un capítulo sobre a fiscalidade verde que cree e regule impostos de carácter finalista que graven as emisións de gases de efecto invernadoiro e contribúan ao financiamento da transición cara a unha economía baixa en carbono como, por exemplo, un imposto sobre as emisións de CO<sub>2</sub> dos vehículos de tracción mecánica ou un imposto sobre as emisións de CO<sub>2</sub> e metano provenientes de instalacións.</b></p>

Novo artigo	<p>Proponse <b>introducir un artigo que obrigue á Xunta a elaborar unha Estratexia Galega de Transición Xusta</b>, con medidas para contribuír á equidade no desenvolvemento das políticas de mitigación e adaptación á crise climática, así como á eliminación da pobreza enerxética en fogares e transporte. En particular, abordará o impacto en traballadores e traballadoras e a nivel territorial do necesario e urxente declive do sector enerxético fósil, para o que se acordarán Convenios de Transición Xusta con outras administracións e axentes sociais e económicos.</p> <p>A transición ecolóxica non será xusta se ignora a dimensión global. <b>A Lei do Clima debe obrigar a ter en conta o principio da xustiza climática no deseño da política de cooperación ao desenvolvemento.</b> A política autonómica nesta materia debería incluír entre as súas prioridades o acceso á enerxía renovábel, a adaptación á crise climática e a compensación polas perdas e danos causados polo noso exceso de emisións acumuladas.</p>
<b>TÍTULO III. FORMACIÓN, INVESTIGACIÓN E SENSIBILIZACIÓN SOBRE CAMBIO CLIMÁTICO</b>	
Artigo 17. Da alfabetización en cambio climático	<p>A educación non formal da cidadanía sobre a crise climática é unha ferramenta fundamental da acción climática, imprescindible para combater o negacionismo, tanto da existencia do problema climático como da necesidade e urxencia das solucións destinadas ao combater. O labor neste eido promovido até hoxe pola Xunta ten sido ben limitado, baseado en iniciativas illadas e de escaso alcance. A pobreza das medidas incluídas na liña de actuación “Fomentar a sensibilización da cidadanía en materia de cambio climático” do Plan Integrado de Clima e Enerxía 2019-2023 é boa mostra diso. Proponse introducir na Lei do Clima a obriga da <b>elaboración dun Programa de Comunicación e Educación sobre a crise climática</b> que concrete as accións xerais recollidas na lei, e que formaríase parte do Plan Integrado de Clima e Enerxía.</p>
<b>TÍTULO IV. GOBERNANZA E DIMENSIÓN SOCIAL</b>	
Novo artigo	<p>A aplicación e seguimento das medidas contempladas no anteproxecto, e máis aínda se se elevar a súa ambición, aconsellan a creación dunha nova unidade administrativa que aumente e concentre os medios da Xunta destinados</p>

	<p>á loita contra o cambio climático. Para iso, propónse a <b>creación dunha Oficina Galega de Cambio Climático</b>, a semellanza da española e das doutras comunidades autónomas como Cataluña e Andalucía, <b>que actuaría como secretaria técnica e administrativa da Comisión Interdepartamental para o impulso e coordinación da Estratexia Galega do Clima</b>, adscribíndose á consellería que ostente as competencias sobre cambio climático.</p>
Novo artigo	<p>Propónse a <b>creación dun Comité de Persoas Expertas para o Cambio Climático</b>, coa finalidade de <b>asesorar á Xunta, ao Parlamento e ao Consello Galego do Clima</b>. Estaría formado por sete persoas de recoñecido prestixio profesional ou académico elixidas por unha maioría de tres quintos polo Parlamento. Adscribiríase á consellería competente en materia de cambio climático, que sería a encargada de lle proporcionar os medios para desenvolver o seu traballo con total independencia. Entre as súas funcións figuraría a de elaborar un informe anual sobre o cumprimento dos orzamentos de carbono, a cuxo contido íntegro tería acceso a cidadanía a través da web do propio Comité.</p>
Novo artigo	<p>Suxírese a <b>creación da Asemblea da Cidadanía Galega polo Clima</b>, a semellanza da existente a nivel estatal (<a href="https://asambleaciudadanadelcambioclimatico.es/">https://asambleaciudadanadelcambioclimatico.es/</a>), que se ten revelado como un innovador e interesante mecanismo de participación social complementario doutros. A Lei estatal 7/2021 de Cambio Climático e Transición Enerxética, no seu artigo 39 sobre participación pública, establece que o Goberno “recomendará que se establezan asembleas autonómicas e municipais”.</p>
Artigo 25. Alianza Galega polo Clima	<p><b>Non parece apropiado considerar a Alianza Galega polo Clima</b> (<a href="https://alianzagalegapoloclima.gal/gl/">https://alianzagalegapoloclima.gal/gl/</a>) <b>como un instrumento de participación social</b>, entendida como participación no deseño de instrumentos de planificación pública, de acordo co artigo 24 do anteproxecto de lei. <b>A inclusión da Alianza Galega polo Clima na Lei do Clima semella moi forzada</b>, pois trátase dunha iniciativa voluntaria participada case en exclusiva por empresas, autoridades portuarias e a propia Xunta, na que, polo menos até hoxe, é dominante un compoñente de comunicación, destinado a tentar mellorar a imaxe de compromiso ambiental dos seus membros. Descoñécese a existencia de memorias e informes que describan a súa actividade e expoñan os seus logros, documentación que non está dispoñíbel na web da Alianza, onde comprobamos</p>

	<p>que na sección de “recursos de interese” tan só hai un pequeno vídeo publicitario da Xunta.</p> <p><b>Suxírese a eliminación deste artigo.</b></p>
<p>TÍTULO V. PLANIFICACIÓN CLIMÁTICA</p>	
<p>Artigo 27. Instrumentos de planificación</p>	<p><b>Non parece serio considerar de entrada por lei os Plans de Acción para a Enerxía Sostíbel e Clima (PACES) de cada un dos concellos adheridos ao Pacto das Alcaldías para o Clima e a Enerxía (<a href="https://pactodasalcaldias.gal/gl">https://pactodasalcaldias.gal/gl</a>) como Plans de Acción municipais para o Clima e Enerxía Sustentábel indicados no anteproxecto de lei (artigo 31).</b></p> <p>O Pacto das Alcaldías é unha iniciativa interesante mais de carácter voluntario, non regulada por lei e cun nivel de esixencia para os concellos adheridos máis ben reducido. Por outro lado, non se coñece ningunha avaliación dos resultados logrados até o momento polo conxunto dos PACES en vigor en Galicia que nos permita saber en que medida están a ser de utilidade.</p> <p>Resultaría certamente estraño validar un plan municipal de acción climática elaborado con anterioridade á entrada en vigor da Lei do Clima sen avaliar que cumpre os requisitos establecidos pola propia lei. O obxectivo da Lei do Clima non debería ser dar o visto e prace sen máis aos PACES existentes senón garantir que os plans municipais de acción climática son completos e eficaces.</p>
<p>Artigo 28. Estratexia a longo prazo</p>	<p>Incluír novo apartado: <b>“A estratexia formulará obxectivos de redución da demanda enerxética e de produción e consumo de enerxías renovábeis”.</b></p> <p>Parece un contido necesario considerando que se trata, como o seu nome indica, dunha estratexia de cambio climático e enerxía, polo que é de agardar que incorpore obxectivos enerxéticos. Como xa se sinalou, para 2030 os obxectivos enerxéticos principais deberían ser atinxir unha redución do consumo galego de enerxía primaria do 40%, unha cota do 70% de renovábeis no consumo de enerxía final e unha produción eléctrica 100% renovábel.</p>
<p>Artigo 29. Orzamentos de carbono</p>	<p>O apartado 4 afirma que os orzamentos de carbono indicarán simplemente “a parte correspondente ao conxunto de sectores cubertos polo comercio de dereitos de emisións e o conxunto de emisións correspondentes a</p>

	<p>sectores non cubertos por ese sistema”. Isto reduciría a súa utilidade, polo que se propón que <b>os orzamentos de carbono definan o reparto de emisións para cada un dos sectores, polo menos no relativo ás emisións difusas.</b></p> <p><b>No apartado 6 faise referencia á participación na elaboración dos orzamentos de carbono dun “Comité de Expertos sobre o Cambio Climático” que non existe na actualidade, nin se crea no articulado do anteproxecto de lei,</b> aínda que si se menciona na exposición de motivos, onde se afirma que o capítulo IV do Título IV “aborda a dimensión social abordando a creación dun consello asesor de expertos” (páxina 20). Sen embargo nese capítulo non figura ningún artigo sobre a súa creación, que consideramos conveniente, como se indicou nunha suxestión anterior.</p> <p>No mesmo apartado 6 tamén se alude ao “Comité Consultivo do clima”, que tampouco existe, supoñendo que se refire en realidade ao Consello Galego do Clima previsto neste anteproxecto de lei.</p>
<p>Artigo 30. Plans Rexionais Integrados</p>	<p>Incluír novo apartado: <b>“A persoa titular da consellería competente en materia de cambio climático presentará anualmente ao Consello Galego do Clima e perante o Parlamento un informe sobre o grao de cumprimento do Plan Integrado de Enerxía e Clima.</b> Este informe farase público no portal de acción climática”.</p>
<p>Artigo 31. Plans municipais</p>	<p>No apartado 1, <b>estender a obriga de elaborar Plans municipais de Acción para o Clima e Enerxía Sustentábel aos concellos de máis de 10.000 habitantes, en lugar de 20.000.</b> Coa redacción actual da lei e considerando a poboación de 2022, esta obriga afectaría a só 24 concellos, nos que vive o 54% da poboación galega, mentres que baixando o limiar a 10.000 habitantes, obrigaría a 57 dos 313 municipios galegos, nos que reside o 71% da poboación.</p> <p>En relación ao apartado 2 b), consideramos que <b>a elaboración dun inventario local de emisións de gases de efecto invernadoiro o máis rigoroso posíbel e a súa actualización periódica é fundamental para avaliar a eficacia real dos plans municipais,</b> polo que a metodoloxía para a súa elaboración debería concretarse a través dun desenvolvemento regulamentario da lei.</p> <p>Substituír o texto do apartado 2 d) polo seguinte: “Medidas de impulso á transición e eficiencia enerxética e mobilidade</p>

	<p>sostíbel, incluíndo <b>o impulso de comunidades de enerxía renovábel, a electrificación do parque municipal de vehículos e a creación de Zonas de Baixas Emisións (ZEBs) nos municipios de máis de 20.000 habitantes</b>". Estas hoxe só son obrigatorias para municipios de máis de 50.000 habitantes.</p> <p>Incluír no apartado 2 unha nova letra: <b>Medidas para a sensibilización e formación en materia de cambio climático.</b></p> <p>Modificar o apartado 6 para que os informes sobre o grao de cumprimento dos plans municipais se tornen públicos no portal da acción climática regulado no artigo 26.</p>
<p>Artigo 33. Perspectiva climática nos orzamentos</p>	<p><b>Obrigar a incorporar a perspectiva climática nas normas orzamentarias anuais aos concellos de máis de 10.000 habitantes e non só aos de 20.000.</b></p>
<p>Artigo 34. Perspectiva climática nos instrumentos de planificación</p>	<p>Substituír a redacción do apartado 3 c) por: "Unha avaliación das necesidades enerxéticas e a determinación das medidas precisas para maximizar o aforro e a eficiencia enerxéticas e garantir a xeración de enerxía renovábel".</p>
<p>Artigo 35. Planificación enerxética</p>	<p>O apartado 1 non achega absolutamente nada.</p> <p>Canto ao apartado 2, <b>considerar que a "Axenda Galega de Transición Enerxética 2030"</b> (descoñecemos a existencia dun documento de planificación con este nome e supoñemos que o artigo se refire á Axenda enerxética de Galicia 2030) <b>está axustada ás previsións da lei cando foi adoptada con anterioridade e non cumpriu o indicado no artigo 34 parece xuridicamente incorrecto.</b> En todo caso é revelador da intención política da Xunta de non revisar a Axenda enerxética de Galicia 2030 (<a href="https://www.inega.gal/enerxiagalicia/aega.html?idioma=gl">https://www.inega.gal/enerxiagalicia/aega.html?idioma=gl</a>) unha vez aprobada a Lei do Clima, a pesar de ser un ámbito tan importante na loita contra a crise climática.</p> <p>Entendemos que a Axenda enerxética de Galicia 2030 incumpriría o disposto no apartado 3 do artigo 34 do anteproxecto, pois non precisa a composición do mix enerxético (só o fai parcialmente) a acadar en 2030 e non informa sobre as emisións de gases de invernadoiro asociadas a ese mix, co que descoñecemos en que medida contribuiría á mitigación da crise climática. O escenario da Axenda asume o logro da neutralidade climática en 2050,</p>

	<p>mais novamente non define con que mix enerxético e emisións asociadas contribuiría a ese obxectivo.</p>
<p>Artigo 36. Planificación da mobilidade</p>	<p>As medidas enunciadas, de carácter moi xeral, son insuficientes para promover a mobilidade sustentábel, faltando medidas tan relevantes como <b>a redución da demanda de mobilidade motorizada, a diminución do número, tamaño e utilización dos vehículos privados, un cambio modal masivo baseado tanto no incremento e abaratamento da oferta de transporte colectivo como na restrición do uso de vehículos privados, unha moratoria indefinida na construción de novas estradas de alta capacidade, a modernización completa e a ampliación da rede ferroviaria ou a electrificación do parque de vehículos.</b></p> <p>Neste caso o anteproxecto de lei non fai referencia ao principal documento de planificación da mobilidade en Galicia, a <b>Estratexia Galega da Mobilidade</b> (<a href="https://estratexiagalegademobilidade.gal/ql/conece-a-egm/documentos">https://estratexiagalegademobilidade.gal/ql/conece-a-egm/documentos</a>), talvez por non ter sido aínda aprobada. Vale a pena salientar que os obxectivos de redución das emisións de gases de invernadoiro da proposta de Estratexia Galega da Mobilidade non coinciden cos da versión actual da Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050, nin para 2030 nin para 2050, aínda que ambas as dúas son pouco ambiciosas<sup>2</sup>.</p>
<p>Artigo 38. Accións sobre o patrimonio público</p>	<p>Entendemos que <b>este artigo</b> aplícase só á Xunta de Galicia (e aos concellos de máis de 20.000 habitantes) polo <b>que se debería estender a todas as administracións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.</b></p> <p>No apartado 1 a) deberíase <b>excluir a coxeración de alta eficiencia da contratación pública verde en relación ao patrimonio público, xa que utiliza combustíbeis fósiles.</b> Por outro lado, propónse engadir que as administracións públicas abasteceranse, na medida do posíbel, de enerxía eléctrica renovábel a través do autoconsumo e de contratos bilaterais con produtores de enerxía renovábel en territorio galego.</p> <p>No apartado 1 c) engadir <b>que o prazo límite para a substitución de instalacións de calefacción e refrixeración e quentamento de auga existentes con equipos obsoletos e/ou combustíbeis fósiles por outras que utilicen enerxías renovábeis será 2035.</b></p>

<sup>2</sup> Alegacións do OGACLI á versión inicial da Estratexia Galega de Mobilidade: <https://ogacli.files.wordpress.com/2023/04/alegacions-ogacli-egm.pdf>.

	<p>No apartado 1 f) <b>excluir da licitación da subministración de turismos, motocicletas, furgóns e furgonetas os vehículos de baixas emisións</b> e limitala só aos libres de emisións. Asemade debería establecerse que <b>toda a frota pública deste tipo de vehículos deberá ser eléctrica en 2030</b>. Engadir que no caso da adquisición ou aluguer doutro tipo de vehículos que deban empregar combustíbeis fósiles priorizaranse aqueles de menor consumo.</p>
<p>Artigo 42. Programas de descarbonización do sector público autonómico de Galicia</p>	<p>A obrigatoriedade de elaborar programas de descarbonización debería <b>estenderse a todas as administracións públicas</b> da Comunidade Autónoma de Galicia.</p>
<p>TÍTULO VI. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN</p>	
<p>Artigo 48. Inventario de emisións</p>	<p><b>En principio, non se entende a necesidade da Xunta dedicar esforzos a elaborar un Inventario galego de emisións, existindo un Inventario español elaborado polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e baseado fundamentalmente nas directrices do IPCC, do que se poden extraer datos para Galicia.</b> En calquera caso, outras comunidades autónomas que tamén incluíron a creación de inventarios de emisións nas súas leis climáticas limitáanse a facer informes baseados nos datos desagregados por comunidades autónomas do Inventario español, caso de Andalucía, Cataluña ou o País Valenciano, polo que talvez iso será tamén o que pretenda facer a Xunta. Sen embargo, a disposición adicional décima, que obriga a “elaborar e aprobar o regulamento do inventario de emisións” convida a pensar o contrario.</p> <p><b>O que si resulta moi conveniente, na liña do indicado no apartado 3, é elaborar proxeccións das emisións de Galicia considerando diversos escenarios compatíbeis co Acordo de París,</b> isto é, tendo en conta unha contribución xusta de Galicia ao obxectivo da limitación do aumento da temperatura media global a 1,5 ou, como moito, 2°C.</p> <p><b>Asemade, é importante estimar as emisións de gases de efecto invernadoiro vencelladas ás exportacións e importacións de Galicia,</b> para coñecer a evolución das emisións asociadas ao consumo en Galicia. Estas deben considerarse un indicador tan relevante como as emisións territoriais, que son as estimadas polo Inventario español.</p>



DISPOSICIÓN ADICIONAIS	
Nova disposición	As Consellerías da Xunta de Galicia con competencias en materia de enerxía e de cambio climático, en colaboración coa Administración Xeral do Estado e o operador do sistema eléctrico, impulsará as medidas de transición adecuadas para o <b>cesamento do funcionamento das centrais de ciclo combinado de gas fósil das Pontes e de Sabón en 2030, a máis tardar</b> , sempre que fiquen garantida a subministración de enerxía eléctrica.
Nova disposición	A Xunta de Galicia elaborará a <b>Estratexia Galega de Transición Xusta</b> nun prazo non superior a dous anos desde a entrada en vigor desta lei.
Nova disposición	<b>A Xunta de Galicia deixará de ser accionista de empresas de enerxía fósil</b> nun prazo non superior a un ano desde a entrada en vigor desta lei.